CentroComercialAberto
CCA Melide
ASETEM

Cerne

O xornal da Terra de Melide

Ano XVII - Nº 202. Decembro 2022. Distribución gratuíta

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA
Dirección Xeral de Comercio

ACTIVIDADE SUBVENCIONADA POLA
Deputación DA CORUÑA

EMPRESA
Bodegas Mejuto lanzará ao mercado unha nova xenebra London Gin P9

MELIDE
O Concello pon en marcha unha nova campaña de promoción económica 'Melide destino, Domingos de Melide P8

CULTURA
Suso Ascariz saca o seu primeiro disco, 'Regalía' P22

ENTREVISTA

José Valiño e Marisol Pumar, Muxica P23

A XXIV edición da campaña 'Este Nadal toca en Melide' repartirá 6.000 euros

A vixésimo cuarta edición da campaña 'Este Nadal toca en Melide' da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide repartirá 6.000 euros en premios no seu tradicional sorteo.

O pasado 1 de decembro arrincou a iniciativa de Nadal que ano tras ano, a entidade empresarial da comarca celebra para impulsar e promover as vendas nos comercios locais da vila. Este ano participan na campaña preto de oitenta establecementos de proximidade. P3

Melide organiza diversas actividades para o Nadal

O Concello de Melide organiza un ano máis unha programación especial para a época de Nadal con diversas actividades para desfrutar destas datas persoas de todas as idades. P14

Firme aposta do club CIRE polas categorías base

"Volveu a competición normal, a de ligas máis longas", comentan desde a Xunta Directiva do CIRE Melide. Un artigo que analiza como vai esta temporada para os sete equipos que esta ano compiten. P21

ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS TERRA DE MELIDE

31 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

www.asetem.com - Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com
Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Tribuna de opinión

Non debería pasar, pero pasa

A falta de tres semanas para que remate o ano, 40 mulleres foron asasinadas a mans das súas parellas ou ex-parellas. Unha cifra escandalosa que, por desgraza, non parece que vaia diminuír co paso do tempo.

Cartel da campaña contra a violencia de xénero. / Foto: Xunta de Galicia

Co gallo do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra a Muller, a Xunta de Galicia lanza unha campaña en redes sociais co lema: "Non debería pasar, pero pasa" na que se pon o foco nelas, nas vítimas. Esta iniciativa fórmana tres carteis, nun deles o texto describe a imaxe dunha rapaza en roupa de deporte coas seguintes frases: "Vístese coas mallas de deporte. Vai correr pola noite. Que sucede agora?". Outro deles conta: "Envíanlle unha foto íntima. El está cos seus amigos. Que sucede agora?". No seguinte cartel lese: "Unha discoteca. Unha copa desatendida. Que sucede agora?". Para rematar, o último cartel di: "Unha moza camiña soa de noite. Leva as chaves na man. Que sucede agora?". Todas as protagonistas desta campaña son elas, mulleres novas nas que se pon o foco por: non atender a súa copa na discoteca, saír a correr de noite, volver soa para a casa logo dunha xornada de troula ou por enviarlle unha foto íntima á súa parella.

Esta iniciativa cualifica a estas mulleres de imprudentes en determinadas situacións e pon elas a posición de corresponsabilidade fronte as agresións machistas dado que non actúan coa suficiente cautela. As vítimas non son as culpables en ningún caso de sufir violencia, se hai comportamentos que corrixir e sobre os que poñer o foco son os dos agresores.

A maiores, a Administración autonómica cae no erro dos estereotipos: a vítima unha muller nova, a forma de vestir, saír soa, volver a casa de noite sen compañía, ... Non hai un perfil de muller vítima de violencia machista, todas poden ser vítimas independentemente da súa condición física, intelectual ou idade. Ningunha muller debería ter medo de volver de festa soa á casa, tampouco temos a responsabilidade de vixiar a nosa bebida e, moito menos de ir correr en mallas ou no que nos apeteza. Culpables só hai uns é son os agresores.

Editorial

Novo ano, novos obxectivos

Xunta Directiva de ASETEM - CCA

Un reloxo de area xunto a un calendario do próximo ano. / Foto de arquivo

Coa chegada do 2023 toca facer repaso do feito e fixarse os obxectivos principais do vindeiro ano.

Este 2022, especialmente a súa recta final, deixa un panorama de inestabilidade coa que é difícil traballar e conciliar. Dada a situación actual, cada vez faise máis necesario a unión do sector empresarial para, todos e todas xuntas, buscar saídas, alternativas e solucións para facer de Melide unha zona de referencia para toda Galicia en canto a servizos, empresas e comercio de proximidade.

Para isto é necesario xuntar forzas e ideas porque a vila ten necesidades urxentes como: novo solo industrial ou un Plan Xeral de Ordenación do Territorio. Dende a Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide no 2023 seguiremos traballando cada día para que Melide sexa un lugar de oportunidades laborais e un referente comercial así como empresarial para toda a veciñanza.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com
Publicación mensual de distribución gratuíta
COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Lorena Vidal
EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide
ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)
Telf. e Fax: 981 506 188 **E-mail:** info@asetem.com
COLABORACIÓNS: Latexo Logopedia e Vanesa de Quinzán
AGRADECEMENTOS: Pilar López, Imprenta Meligraf
IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.
DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

ASOCIACIÓN DE MEDIOS EN GALEGO

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

- OPINIÓN.....2
- EMPRESA.....3
- MELIDE.....10
- COLABORACIÓNS.....11
- COMARCA.....17
- CULTURA E LECER.....19
- ENTREVISTA.....23

A XXIV edición da campaña ‘Este Nadal toca en Melide’ de ASETEM - CCA repartirá 6.000 euros en premios

Nunha das tendas participantes o cartel da campaña ‘Este Nadal toca en Melide’ de ASETEM - CCA. / Foto: Cerne

A vixésimo cuarta edición da campaña ‘Este Nadal toca en Melide’ da Asociación de Empresarios e Empresarias da Terra de Melide repartirá 6.000 euros en premios no seu tradicional sorteo.

O pasado 1 de decembro arrincou a iniciativa de Nadal que ano tras ano, a entidade empresarial da comarca celebra para impulsar e promover as vendas nos comercios locais da vila. Este ano participan na campaña preto de oitenta establecementos de proximidade asociados a ASETEM - CCA que son: Moble Paula, Xoiería Silvela, Zafiro Tours, Electrosan, Romero Zapaterías, Xoiería Roval, Carnicería Cardelle, Mis Mejores Labores, Xoiería Oro Ley, Intres Fotografía, Laia Zapateiros, Zapatería Pequeniños, Meixela, Leiva Motosport, Pescados Manolo, Meligraf, Ribeirao, Melimática, Estación de Servizos Corredoiras, Colorín Colorado, Magnin, Sport Moda, Recambios Sando, Estanco Angarela, Floristería Tarrío, Carnicería Penas, Panadería Toques, Sakho, Frutas Celia, Parafarmacia Ulloa, Pasarela, Grupo Noguerol, Latexo Logopedia, Alain Afflelou, CC Xestión, Electricidade Vilela, Calzados Broz, Librería Victorio, Óptica Tábora, Perfumería Lyss, Muxica, Librería Cousas, Toysmaniatic, Neumáticos Melide, Mercería Isabel, Óptica Melide, Flor de Toxo, Casa Santos, Sueños, Marvi, Casa Juanito, Moble Ares, Floristería Maru, Eurocadena, Santín y Amo Peluquería, Bodegas Mejuto, Autoescola Marte, Cocinas Buján, Pastelería Estilo, Panadería Manso, Yethi Carburantes, Anic Difusión, Creaciones MJ, Juifi, Recambios Vulcano, Parrillada Carburo, Diva Pro, Suministros Industriales Cire, Goalkers Melide, Autoescola Agra, Casa Alongos, Escala Espectáculos, Ortopedia Ortosaúde e Instituto de la Sordera.

Estes establecementos farán entrega dunhas rifas numeradas ata o vindeiro 13 de xaneiro, día da gala de Nadal ás 20:30 horas no Centro Sociocultural Mingos de Pita. Neste evento, ante notario, realizarase o sorteo dun premio de 2.000 euros, dous de 1.000 e catro de 500 euros. A maiores, entre as persoas asistentes á gala sortearase unha tarxeta regalo para unha escapada de fin de semana para dous. As bases da campaña poden consultarse na páxina web de Asetem (www.asetem.com).

Este Nadal merca en Melide porque é onde tocan os mellores premios.

Como nova nesta edición da iniciativa de Nadal uns días antes de Noiteboa e Reis, tanto Papá Noel como un dos Reis Magos de Oriente xunto cos seus axudantes, visitarán varios comercios de proximidade do municipio para falar e facerse fotos cos nenos e nenas que o desexen. Ademais, Papá Noel un dos Reis Magos e os seus axudantes pasearán por Melide para animar a toda a veciñanza a mercar nos comercios locais os agasallos para estas datas, xa que eles confían nas pequenas tendas melidás para encargar todos os regalos que as crianzas lles escriben nas súas cartas, sempre e cando se portaran ben durante todo o ano.

MERCAR EN MELIDE
Todo un acerto
ESTE
Nadal
TOCA
en MELIDE
2022
13 DE XANEIRO DE 2023
CENTRO SOCIOCULTURAL MINGOS DE PITA, ÁS 20:30 H
6000€
SORTEO DURANTE A GALA,
ENTRE OS ASISTENTES:
DUNHA TARXETA REGALO
PARA UNHA ESCAPADA
DE FIN DE SEMANA
ACTUACIÓN DE
Tania Veiras
ASETEM
XUNTA DE GALICIA

Aprobados os festivos de apertura para o comercio de proximidade do vindeiro ano

O cartel de aberto na porta dun establecemento para indicar a actividade dentro da tenda. / Foto de arquivo

A Xunta de Galicia aprobou os festivos e domingos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público para o vindeiro ano 2023.

As dez xornadas escolmados para abrir os comercios en festivos e domingos son: 8 de xaneiro, 6 de abril, 25 de xuño, 26 de novembro, 3, 8, 10, 17, 24 e 31 no mes de decembro.

No caso de Melide, estes días súmanse a todos os domingos do ano dado que na nosa vila é un dos poucos lugares galegos nos que é tradicional abrir os establecementos todos os domingos pola mañá. Unha actividade cunhas fortes pingas de tradición, dado que hai anos era moi habitual que a veciñanza das aldeas e concellos próximos acudiran a mercar ao municipio melidense os domingos.

Nestas xornadas especiais a apertura dos comercios é opcional, a última decisión de abrir ou non é dos responsables comerciais. Moitos dos días escolmados son no mes de decembro, en pleno pico de vendas dos regalos de Nadal, polo que a gran maioría dos establecementos deciden abrir.

‘Mercar no teu comercio ten premio’ repercute con 1.000€ no comercio

Algúns dos premiados na campaña. / Foto: Federación de Comercio da Coruña

A campaña ‘Mercar no teu comercio ten premio’ repercute no comercio de proximidade con mínimo 1.000 euros de premio repartidos entre a clientela que previamente mercara nos establecementos da vila para poder participar no sorteo das tarxetas prepago.

Á entrega de premios, realizada no Cantón de San Roque, asistiron decenas de usuarios e usuarias do comercio local, o vicepresidente de ASETEM - CCA, o concelleiro de promoción económica do Concello de Melide, representantes da Federación Galega de Comercio, da Federación de Comercio da Coruña e de Abanca.

Unha iniciativa que volveu amosar a forte aposta polas tendas locais.

Nova edición do Concurso de Escaparates de Nadal dos establecementos locais

O escaparate de Nadal de Toysmaniatic decorado para estas datas especiais. / Foto: Cerne

En marcha a nova edición do Concurso de Escaparates de Nadal organizado polo Concello de Melide.

Nesta competición de decoración de Nadal pode participar calquera establecemento local do municipio que enfeite o seu escaparate con motivos e ambientes natalicios, de forma que se contribúa a adornar a localidade nestas datas tan entrañables.

Para participar neste concurso, os escaparates locais deberán permanecer decorados dende o 12 de decembro ata o 6 de xaneiro do vindeiro ano. Dado que senón cumpre esta norma o xurado poderá eliminar o comercio participante.

Os premios destinados esta edición para os gañadores ou gañadoras da competición de Escaparates de Nadal serán: 1.000 euros para o comercio que consiga o 1º posto, 500 euros para o segundo, e 250 euros para o establecemento que acade a terceira posición.

O xurado reunirase o próximo luns 9 de xaneiro ás 12:00 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial para deliberar sobre os escaparates dos establecementos participantes e darán a coñecer os gañadores. Os membros do xurado á hora de seleccionar os comercios locais premiados terán en conta: a orixinalidade, montaxe, estética, creatividade e máis a ambientación propia do Nadal na decoración. No caso de que haxa texto dentro dos adornos do escaparate derá estar en lingua galega. As persoas do xurado, sempre número impar, serán designadas polo departamento de Promoción Económica e Facenda do Concello de Melide.

Este concurso xa arraigado no municipio conta todos os anos cunha boa acollida de participantes que desenvolven toda a súa creatividade para poñer os seus escaparates fermosos e orixinais durante a época de Nadal, un factor que tamén anima á veciñanza e visitantes a mercar nos comercios de proximidade. O alto nivel da decoración dos establecementos poñerá díficl a tarefa dos membros do xurado de escolmar aos tres establecementos premiados nesta iniciativa do Concello melidense.

A comarca acada a cifra máis baixa de paro no mes de novembro dos últimos seis anos

Oficina de Emprego da comarca, situada en Melide. / Foto de arquivo

A pesares do aumento do paro con 20 persoas desempregadas máis na comarca da Terra de Melide este é o mes de novembro coa cifra máis baixa dos últimos seis anos.

Os datos deste décimo primeiro mes do ano son os máis baixos dende o ano 2017, pasando polos 676 desempregados dese ano, aos 592 do 2018, os 572 de 2019, 625 do 2020 e 511 do ano pasado. Pódese dicir que é o lado positivo dentro do incremento con respecto ao mes de outubro.

Se debugallamos os datos por concellos da comarca a parte positiva queda do lado de Santiso, o único municipio da zona no que baixa o paro, neste caso en dúas persoas menos. Logo, en Toques en novembro queda unha persoa máis no paro. Na localidade de Sobrado sobe a cifra do paro con cinco desempregados máis. E, por último, en Melide, a cifra sobe de 331 parados en outubro a 347 neste mes, é dicir, un incremento de 15 persoas. Así, o total de parados na comarca é de 478.

Os datos do paro seguen tendo unha fenda de xénero, dado que un mes máis segue habendo máis mulleres en situación de desemprego 289 fronte a 189 persoas do xénero masculino (por concello as cifras son: Melide, 220 mulleres e 127 homes; Santiso, 27 persoas de ambos sexos; Sobrado 28 e 21; e Toques, 14 homes e 14 mulleres).

No tocante ao paro por sectores, a peor situación segue no ámbito dos servizos onde houbo 306 parados fronte aos 45 da agricultura e pesca, os 52 do sector da industria e os 33 da construción.

Os Días Azuis deixan un premio de 250 euros en Calzados Broz

Unha das tendas de Calzados Broz onde tocou o premio. / Foto: Calzados Broz

O sorteo da campaña da Federación Galega de Comercio e a Xunta de Galicia en colaboración coas asociacións comerciais, Días Azuis, deixan na súa edición de outono unha tarxeta prepago de 250 euros en Calzados Broz.

A clientela gañadora deste premio é Isabel Camino que recollerá a súa tarxeta no mes de xaneiro para gastar no comercio de proximidade.

Unha vez máis, mercar nos establecementos locais melidenses ten premio, un motivo engadido para apostar por comprar a diario nas tendas da vila, onde podemos atopar todo tipo de artigos e produtos dunha gran calidade e aos mellores prezos. Mercar en Melide é sempre un acerto.

A AGAXECCA organiza o segundo Congreso de Centros Comerciais Abertos e Centros Comerciais Urbanos

Cartel do segundo Congreso de Centros Comerciais Abertos e Centros Comerciais Urbanos de Galicia. / Foto: AGAXECCA

A Asociación Galega de Xerencia de Centros Comerciais Abertos e Zonas Comercias Urbanas organiza o segundo Congreso de CCAs de Galicia co título, 'Un espazo para a posta en común da experiencia na xestión das asociacións de comercio local'.

Este evento de aprendizaxe común celebrarase este mércores a partir das dez da mañá no Centro Sociocultural do Ensanche en Santiago de Compostela e está dirixido a xerentes, técnicos e persoal dos Centros Comerciais Abertos e a comerciantes.

A programación da segunda edición do Congreso inclúe: ponencias sobre xestión profesional dun CCA, unha mesa de traballo arredor de exemplos de dinamización como campañas de éxitos e novos formatos, e unha segunda sobre a profesión do xerente. Como poñentes participarán xerentes de varias asociacións como Arteixo, Carballo, Marín ou Boiro.

Unha xornada para que as traballadoras e traballadores das asociacións comerciais e empresariais poidan compartir sinerxías así como iniciativas e proxectos para analizar as súas repercusións nos diferentes sectores. Tamén é unha boa oportunidade para poñer sobre a mesa os principais problemas cos que se atopa a diario a figura do xerente dos CCAs e buscar solucións en conxunto.

Este Congreso é especialmente importante por celebrarse nun momento difícil para o tecido empresarial e comercial de proximidade por mor da suba de prezos que, dunha ou outra maneira, acaban repercutindo na estabilidade dos negocios así como na clientela das tendas locais.

centro auditivo

solicita tu **REVISION GRATUITA**

ÓPTICAStábora

Rda da Coruña 20 **MELIDE**

REXCE AUDIOPRÓTESIS
E. 15-001241

REXCE ÓPTICA
E. 15-001238

Rosado ou branco, este Nadal brindemos
polos bos desexos e...
un futuro mellor!

Licores elaborados dende 1954

CASA MEJUTO

O espumoso de Melide



Casa Juanito

Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón *Legumbres*

Bacalao *Vinos* *Licores*



Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos
conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugueiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

CASA MEJUTO

“Estamos moi contentos da boa acollida que teñen as nosas bebidas en novos mercados porque aprecian a súa calidade”

José Mejuto nunha explicación sobre os seus produtos na última edición da Festa do Melindre. / Foto: Dimoamin

- Que repaso facedes deste ano?

- José Mejuto: Dentro das vendas Casa Mejuto ten unha clientela bastante fiel, polo que estamos conservando a mesma calidade dos produtos e axustar moito os prezos, non subindo o que nos subiu a nós e outros artigos que seguen co mesmo prezo. Este 2022 conseguimos que fora un período estable, cos seus picos de consumo pero grazas a esa clientela fiel mantemos a estabilidade. Ademais, vimos de ampliar zonas de mercado como Madrid e outras localidades galegas nas que aínda non tiñamos presenza. No caso de Madrid, valoran moito o produto galego, de feito, para eles é un valor engadido que etiquetemos na nosa lingua.

- Canto vos subiron de prezo as materias primas?

- J.M: Pois houbo certos produtos que subiron moito, dende o azucre un 100% máis ata botellas e bases lácteas un 40%. Nós á clientela repercutimos esta suba entre un 10 e un 20%. Logo, hai que ter en conta que tamén subiron os custos de produción por mor da luz e o transporte. En Casa Mejuto o consumo non se retrotraeu no sentido de que a xente segue consumindo calidade.

- No voso negocio entendedes o comercio de proximidade como un selo de identidade.

- J.M: Nós sempre reivindicamos o comercio e produtores locais, aquí en Melide temos varios exemplos de emprendedores que fan cousas e ao final é poñer en valor os establecementos de proximidade. Nos produtos de Casa Mejuto en todos pon, humildemente, Melide. A nivel en liña vendemos moitos artigos a diferentes lugares de España e van os etiquetados en galego e xamais ninguén me puxo problema e na botella pon Melide, para nós é un orgullo que se vexa onde se fabrican os nosos produtos. Nesta comarca facemos cousas moi boas como poden ser os melindres, ricos e amendoados, e temos que poñelos en valor.

- Tedes todo preparado para o Nadal?

- J.M: Si, estamos atope porque vendemos moito para tendas *gourmet* pequenas botellas, apelables, cestas,... e este é un traballo moi manual polo que require bastante esforzo. Ao mesmo tempo, estamos preparando o espumoso que este ano, a raíz de aprender, escoitar e intentar mellorar, decidimos facer un segundo degüelle porque vimos que o espumoso mellora cun certo tempo de crianza en botella. Grazas a isto conseguimos aparecen unhas notas de sabor, cuns toques a moscatel, que maridan moi ben con calquera comida pero tamén co doce.

- A vosa liña de licores é das máis recoñecidas.

- J.M: Actualmente temos unhas 20 referencias, incluíndo tamén vermú e espumoso, e estamos pendentes de quitar máis. Sacar un novo produto ao mercado, cun selo propio e natural necesitas un moito tempo e aprendizaxe. Nós nestes momentos temos macerando varias clases de froitas para un licor de froitas do bosque que estarán aí ata cando consideremos que valen, non é cuestión de dicir en 15 días está, os produtos necesitan o seu tempo. Sempre estamos intentando aprender e mellorar dende a humildade, especialmente, nestas receitas novas que fomos quitando escoitamos as opinións da clientela para ir adaptando as bebidas ao que o mercado che demande.

- Hai algunha nova que nos poidas adiantar?

- J.M: A principios do vindeiro ano sacaremos ao mercado unha London Gin. Temos xa a botella, o deseño e o produto, vamos usa un alcohol de cereal triple destilado de trigo, é dicir a máxima calidade, despois imos facer un macerado dese produto con entre 15 e 20 botánicos que estamos seleccionando. De feito, estamos a falar con Milhulloa para que a gran maioría das herbas que usemos sexan de aquí da terra. Logo de facer a maceración cos botánicos pasaremos ao destilador e o que saia de aí será unha London Gin que é a máis pura das xenebras.

- Tedes moitos proxectos sobre a mesa.

- J.M: Ten que haber moitos e despois xa se verá cantos se consensuan. A cuestión é que a cabeza vaia un pouco por diante porque é a única forma de analizar o que funciona e o que non e vas madurando as ideas. Tes que ir ensaio - erro, probar moito os produtos e seguilo perfeccionando aínda despois de saír ao mercado. Estamos moi contentos da boa acollida que teñen as nosas bebidas a todos os sitios que vamos porque, ademais, aprecian a súa calidade.

- Como seguen xurdindo ideas despois de tantos anos no sector?

- J.M: Sempre digo que o día que nos falte a ilusión acabouse. Logo hai ideas que se che ocorren a ti e outras que che aportan e ti valas madurando. O importante é crer no que estás facendo e o esforzo é estar orgulloso de ter receitas propias, coa súa personalidade. Como produtor tes que identificarte co produto que estás elaborando e estar convencido del.

- Que é o mellor deste proceso?

- J.M: O mellor son moitas cousas, hai momentos alegres e outros duros. Non obstante, o máis bonito para min é cando chegas a xunto un cliente, proba o teu produto e recoñece o mérito e esforzo, é un momento de suba de adrenalina no que dis ti merece a pena o traballo. Outro gran momento, que valoramos moito, é cando un cliente che manda unha foto desfrutando do teu produto na súa casa. De feito, o Nadal pasado uns clientes de Amsterdam mandáronnos unha mensaxe en fin de ano brindando co noso produto e foi un orgullo. Casa Mejuto non é unha gran empresa de facer millóns de botellas, a nós gústanos fabricar produtos que compartamos na mesa e digamos: está ben elaborado. E se aínda encima lle gusta á xente e repite, e cada vez ven máis clientela, iso é un orgullo.

O Concello do municipio lanza a campaña de promoción económica ‘Melide Destino, os Domingos de Melide’

O concelleiro de Promoción Económica, Xosé Igrexas, na presentación da iniciativa. / Foto: Concello de Melide

O Concello do municipio lanza a campaña de promoción económica ‘Melide Destino, os Domingos de Melide’, a través do proxecto de Dinamización do Comercio da vila. Esta iniciativa é unha das accións levadas a cabo pola Administración local para a promoción e difusión dos establecementos de proximidade melidense.

No marco do proxecto de Dinamización do Comercio, o Concello recibiu o ano pasado unha importante axuda por valor de 49.044,69 euros da Cámara de Comercio, Industria, Servizos e Navegación de España, recoñecéndoa como proxecto singular, a próxima campaña presentada por Xosé Igrexas é denominada ‘Melide Destino, os Domingos de Melide’, onde porá en valor a calidade dos nosos establecementos de proximidade.

Deste xeito, e segundo sinalou o concelleiro de Promoción Económica, Xosé Igrexas, “a campaña destacará que en Melide temos todo o necesario para a compra de produtos e servizos e, ademais, de forma rápida e de confianza”. Nos pequenos establecementos locais, fai fincapé Igrexas, destaca a calidade dos produtos e a proximidade xeográfica para o comprador. “Alimentación, téxtil, hostalería...Melide ten calidade en todo tipo de produtos e servizos, ademais, o feito de mercar aquí repercute positivamente na vida local”, comentou o concelleiro.

Para Xosé Igrexas, “un comercio local forte tradúcese nunha vila con xente e con servizos, con vida nas rúas e dinamismo social e cultural”. Neste sentido, o edil municipal destaca que “a calidade indiscutible do proxecto Dinamizador do Comercio de Melide impúxose sobre ducias doutros proxectos a nivel estatal”, demostrando, “a aposta forte que este Concello fai pola economía local” como un alicerce chave para a recuperación social e económica despois da pandemia.

A maiores, esta iniciativa de promoción pon o foco tamén nos domingos abertos de Melide que, a raíz, da pandemia perderon un pouco de forza. Un valor engadido e singular que ten o comercio do municipio que pode ser un atractivo para visitantes.

ESTE MES *LATEXO LOGOPEDIA* CÓNTACHE...”

Cristina Fernández Barros
Nº col. 15/0099

latexo
logopedia
Rúa Rosalía de Castro, 3 Melide

Teléfono:
642 007 210

HÁBITOS ORAIS NA INFANCIA

A logopedia é unha disciplina con moitas posibles especializacións. Unha delas (unha das miñas) é a motricidade orofacial. Este termo refírese ao estudo, investigación, prevención, avaliación, diagnóstico e rehabilitación dos trastornos conxénitos e/ou adquiridos do sistema orofacial así como das súas funcións: succión, mastigación, deglutición, respiración e fonoarticulación, dende a xestación ao envellecemento.

Dentro do traballo da motricidade orofacial estaría a prevención e tratamento dos hábitos orais. Falamos de “costumes ou prácticas que se adquiren por repetición frecuente dun acto, primeiro de forma consciente e despois de forma inconsciente”. Neste caso non falamos dos considerados fisiolóxicos como a respiración nasal, senón dos non fisiolóxicos, que non son beneficiosos para o desenvolvemento craniofacial da persoa.

Tendo en conta que é na primeira infancia cando se produce un maior desenvolvemento craniofacial, as posibles consecuencias dos hábitos orais pasan pola alteración da oclusión dentaria, da musculatura implicada nas funcións mencionadas e unha modificación no crecemento craniofacial e no desenvolvemento do sistema estomatognático. A prevención dende o seo familiar debe ser primordial. Se observamos que hai succión ou mordisqueo labial ou lingual, succión do dedo polgar, mordisqueo das bochechas, succión ou mordisqueo de obxectos / unllas, debemos tratar de modificar a súa conduta desviando a atención cara a outras actividades para que non se converta nun hábito. Así mesmo, a prolongación no uso de chupete e biberón máis alá dos dous anos, tamén é un hábito oral nocivo. A súa retirada debe estar en torno a esa idade e incluso antes, ao redor dos 18 meses.

Se a prevención non é suficiente, debemos ter en conta cales serán as alteracións craniofaciais que poden aparecer: mordida aberta e/ou cruzada, deformación do padal, falta de contacto interdentario, cambio na posición das pezas dentarias ou desprazamento mandibular. Ditas alteracións farán que aparezan alteracións articulatorias, na resonancia e na mastigación, respiración oral, incompetencial labial e deglutición disfuncional. Todas estas alteracións implicarán o traballo de diferentes profesionais para restablecer as funcións correctas (odontoloxía, logopedia e/ou psicoloxía).

Será a logopeda a profesional encargada de facer o tratamento para rectificar as alteracións musculares e funcionais a nivel estomatognático. O tratamento pasará en primeira instancia por erradicar o hábito oral lesivo que provocou as alteracións concienciando, buscando estratexias para eliminalo e explicando o patrón correcto.

Na fase de corrección traballarase sobre a musculatura, normalizando a súa mobilidade, tonicidade e posición de repouso e mellorando as funcións alteradas en relación coa musculatura, actuando con odontoloxía como reforzo. Alcanzada a corrección, pasarase ao reforzamento e a alta no tratamento. A logopeda deberá realizar unha (re)avaliación final das funcións e debería seguir como criterios de alta a automatización dos patróns correctos a nivel muscular e funcional así como a modificación dos patróns disfuncionais.

Hai que ter en conta que todas as fases do tratamento non terán bos resultados se non hai coordinación entre profesionais que traten as consecuencias dos hábitos orais (odontoloxía e/ou psicoloxía) así como unha correcta implicación da persoa que realiza o tratamento e da familia.

Os rosmadores

Fai algúns anos había na televisión un anuncio publicitario duns cereais de fibra nos que se destacaba a súa eficacia para a mellora do tránsito intestinal nas persoas que os consumían. Todos lembraremos que a mensaxe principal da bondade do produto viña a alabar a relación directa entre manter activa esta parte da saúde e un bo humor e estado xeral da persoa. Creo que non existe agora mesmo esa mensaxe na publicidade actual. Seguramente porque vivimos un pouco na sociedade dos “ofendiditos”, na que moitas veces a realidade contada sen eufemismos sempre ofende a alguén, e non se pode dicir abertamente que cando tes algo dentro e non o das botado estás de mal humor e contra o mundo.

O dos cereais e o seu famoso spot refería-se a algo físico, un atascamento intestinal, e polo visto e oído eran bastante eficientes na súa función. Sirva esta lembranza para encamiñar o tema deste artigo, que non é outro ca esoutras persoas que viven perpetuamente con atascamentos emocionais, que non se desfán con almorzar equilibradamente, pero que nos salpican aos demais co seu malhumor constante.

Esta sociedade na que vivimos ten unha condición que é ao mesmo tempo unha marabilla e unha desgraza: temos que convivir uns con outros, e aínda que queiramos limitar o noso círculo social e íntimo, estamos obrigados a atoparnos con xente na fila do supermercado, na sala de espera do médico, no espazo de traballo, no parque cos fillos ou agardando ante un paso de peóns. E aí, onde o tempo e o espazo son á forza compartidos, atopamos a veces xente á que se lle nota a leguas que vive perpetuamente enfadada, constantemente discrepante. Festivos e laborables protestando contra a vida e a xente que habita nela, supoño que considerándose con máis criterio ca os demais, e con superioridade moral para correxir e reprender aos outros todos.

É evidente que hai cousas que se poden cambiar, mellorar, e eso deberíase facer falando. Pero hai outras que por máis que te encacines non dependen de ti. E o teu malestar constante, a actitude sempre belixerante contra o que fai as cousas de maneira distinta só consegue agriar máis o propio carácter, crear un muro de contención darredor da persoa enfurruñada diario coa vida, de maneira que resulta tóxica para os demais. E a bóla do atascamento emocional faise cada vez máis grande.

Se cadra esas persoas, expertas en protestar sempre contra calquera decisión, poñer reclamacións, cuestionar sempre a orde que para os demais non ten cuestionadura, poñer en dúbida as condutas alleas e presentar queixa tras queixa contra todo...se cadra esas persoas atopan así a súa calma, o seu xeito cómodo de estar na vida.

Magoa que a industria alimenticia non dese aínda coa fórmula dos cereais que liberan os atascamentos emocionais, porque eses, ademais de afectar ao propio induviduo, afectan tamén a todos os que convivimos con el, aínda que só sexa oíndoo rosmar nun paso de peóns.

Vanesa de Quinzán

O Sindicato Labrego Galego denuncia que a Xunta quítalles a centos de granxas da comarca axudas por zona desfavorecida

Un conxunto de vacas pintas dunha granxa pacendo nun prado. / Foto de arquivo

O Sindicato Labrego Galego denuncia que a Xunta de Galicia quítalles a centos de granxas da comarca da Terra de Melide as axudas por zona desfavorecida.

A Consellería de Medio Rural decidiu que no próximo período da PAC (2023 - 2027) non vai pagar a axuda para Zonas con Limitacións Naturais en todos os concellos galegos clasificados como "distintos aos de montaña", que si a viñan percibindo ata a actualidade. Dende a entidade sindical afirman que "é a primeira vez, despois de moitos anos, que nos atopamos cunha exclusión intencionada, por parte do conselleiro José González, dunha axuda que leva anos chegando ás granxas".

Estas novas chegan nun momento moi complexo para os sectores agrario e gandeiro por mor da suba de custos de produción que afecta especialmente a factores esenciais para o seu desenvolvemento como a electricidade, os cereais ou os fertilizantes. Ante esta situación a Administración autonómica "non só non saca novas liñas de axuda (como acontece por exemplo co sector da carne) senón que ademais atopámonos ca preocupante sorpresa de que lle quita axudas a milleiros de granxas que as viñan percibindo até o dagora", fan fincapé dende o Sindicato Labrego Galego.

Por parte da Consellería de Medio Rural son conscientes desta situación, dado que na última conferencia sectorial e no consello consultivo de agricultura e desenvolvemento rural, o conselleiro amosou a súa preocupación polo incremento dos custos de produción no ámbito primario, especialmente no vacún de carne, porén non anunciou ningunha axuda específica para o sector.

No ano 2020 esta axuda da PAC para zonas distintas de montaña foi concedida a 8.255 persoas solicitantes, por un importe de 8 millóns de euros. Neste mesmo ano, as axudas para as zonas de montaña foron de case 9 millóns de euros e 5.266 persoas beneficiarias.

Dende o Sindicato Labrego Galego esíxenlle á Consellería de Medio Rural "que corrixa inmediatamente esta medida, e non perverta o verdadeiro obxectivo destes orzamentos públicos, respectando unha función tan esencial como é axudar a garantir a produción agroalimentaria, e fixar poboación, nas zonas con limitacións naturais" como é o caso dos concellos da comarca da Terra de Melide, e doutras localidades como Arzúa, Boimorto, Antas de Ulla, Friol ou Lalín, entre outros.

O Partido Galego presentou a nova Agrupación Local para as próximas eleccións municipais

Participantes da presentación da Agrupación Local. / Foto: Partido Galego

O Partido Galego presentou o pasado sábado día 3 a nova Agrupación Local en Melide para as eleccións municipais do vindeiro ano.

Nesta xuntanza, na que o coordinador xeral puxo en valor os tres eixes troncais da liña ideolóxica da formación "galeguismo, ecoloxismo e rural".

A maiores, esta agrupación política fixo público o nome do seu novo secretario local, Antonio Díaz, o que afirmou que "Melide leva anos perdidos en disputas persoais nos grupos municipais actuais que levan á: perda de recursos, servizos dotacións e inversións, así como a carencias e problemas que levan anos sen solucionarse". De cara ao futuro, como proposta electoral Antonio Díaz propón "unha Feira e Mercado anual de referencia para toda Galicia, dado o potencial de produción de diferentes produtos autóctonos e outros que se sumarían de verse a perspectiva de ventas potenciadas por un evento desta dimensión".

O presidente do Partido Galego, Xosé Mosquera, fixo fincapé en que "un valor da formación é dada a centralidade que representamos a súa capacidade para chegar a acordos con outras forzas políticas".

Melide acolleu a xornada 'Os cruceiros góticos de Galicia'

Participantes na xornada 'Os cruceiros góticos de Galicia'. / Foto: Museo T.M

O Centro Sociocultural Mingos de Pita de Melide acolleu unha xornada na que se abordou a situación dos cruceiros góticos de Galicia. Nesta xuntanza reuníronse diversos expertos, entre os que se atopa Xurxo Broz Rodríguez do Museo da Terra de Melide, analizaron a importancia que teñen estas xoias patrimoniais tanto no conxunto monumental da nosa terra como na mentalidade colectiva.

En Galicia hai un total de dezanove cruceiros góticos documentados, dos cales o máis antigo se atopa no pleno centro de Melide.

O Concello aproba dúas modificación orzamentarias para a Piscina Municipal e a adquisición dunha parcela no centro melidense

A parcela que o Goberno local quere adquirir no centro da vila. / Foto: Cerne

O Concello de Melide vén de aprobar, en pleno extraordinario, a modificación orzamentaria para o uso do remanente de tesourería para: por unha banda, a reforma e ampliación da Piscina Municipal, e pola outra banda, a adquisición de terreos fundamentais e estratéxicos para a vila.

Con forme ao primeiro punto, a Administración municipal aprobou, cos votos a favor de Adiante Melide e PSOE e a abstención do PP, unha modificación orzamentaria para realizar a reforma das instalacións da piscina. Esta modificación vía suplemento de crédito 2/2022, financiado con cargo ao remanente de tesourería para solucionar problemas crónicos na infraestrutura e convertela nun moderno centro deportivo.

Este proxecto da reforma e ampliación era de, aproximadamente, 840.000 euros. En agosto, o Pleno municipal aprobou un expediente de modificación de crédito para cubrir este gasto pero, tal e como manifestan dende o Concello de Melide, o auxe dos prezos pola actual conxuntura económica elevou o importe do proxecto a 1.066.529,36 euros, o que supón un incremento do 26,76%. O expediente de modificación do orzamento aprobado neste pleno extraordinario permitirá consignar 465.146,71 euros para facer fronte a este gasto.

Dende o partido da oposición, a súa voceira, Dalia García afirma que esta situación é resultado da "incapacidade" do Goberno local "de abrir a piscina municipal" e acúsao de "ineficacia e ineficiencia". Polo outro lado, o PSOE de fai fincapé en que "o estado da piscina era tan malo e con risco para a saúde dos usuarios, segundo informes técnicos, que había dúas posibilidades: derrubala ou unha reforma ampla". Xosé Igrexas, portavoz de Adiante Melide, xustificou esta suba da contía dado que "como todos sabemos o IPC no mes de agosto subiu un 10% con respecto a outros meses polo que dada esta tendencia decidimos revisar os prezos do proxecto e a conseguinte modificación cos correspondentes informes favorables dos técnicos municipais e da Deputación da Coruña".

O segunda tema a tratar e aprobado, cos votos a favor de Adiante Melide e o PSOE e en contra do Partido Popular, foi a modificación orzamentaria para a adquisición dun amplo terreo no núcleo urbano da vila apto para o estacionamento, celebración de grandes eventos ao aire libre ou outros usos. Esta parcela é na actualidade obxecto dun contrato de cesión gratuíta asinado en xullo de 2020 entre o Concello e o propietario do espazo.

O PP criticou no Pleno o prezo que se vai pagar por este terreo afirmando que o correcto sería moi inferior. Dende Adiante Melide lamentan que a estratexia do PP sexa de "pau na roda" e de difusións de informacións falsas co único obxecto de paralizar a acción municipal e danar a imaxe da vila, xa que, tal e como afirman dende esta formación, a taxación realizada por un profesional independente fixa o valor actual en 907.525 euros cando a voceira popular o sitúa arredor de 150.000 euros. Pola outra parte, o PSOE local defende que este céntrico solar permitirá contar cun espazo de usos múltiples para uso de toda a veciñanza do municipio, así mesmo consideran esta parcela como "estratéxica para o futuro de Melide".

Os 21 do Camiño xa teñen data para o décimo aniversario

Cartel de promoción da media maratón Os 21 do Camiño. / Foto: A.D. Cerne

Os 21 do Camiño xa ten data para celebrar o seu décimo aniversario facendo deporte, o 17 de xuño do ano 2023 ás 18:30 horas. Esta media maratón de 21 quilómetros é considerada unha das mellores de España e conta con gran participación en todas as súas edicións. A do vindeiro ano será moi especial e xa queda menos.

Melide licita o proxecto de mellora da pavimentación e seguridade de varias rúas

A rúa Curros Enríquez onde se realizarán as obras de mellora. / Foto de arquivo

O equipo de Goberno municipal aprobou a licitación do proxecto de mellora da pavimentación e seguridade nas rúas Concepción Arenal, Curros Enríquez, Fernández Florez, Alfonso Castelao e Avenida América. Estas obras forman parte do POS+2022 da Deputación da Coruña e contan cun orzamento de 183.248,79 euros, IVE incluído, o prazo de execución previsto é de catro meses.

Os traballos incluirán a construción de beirarrúas con pavimento de baldosa rectangular de formigón e a pavimentación cunha mestura bituminosa en quente de nove centímetros.

As rúas nas que se van realizar as obras teñen na actualidade uso de dobre sentido e zonas de estacionamento en ambas marxes sen delimitar. A falta de ordenamento do tráfico causa problemas de estacionamento e moitas das beirarrúas non superan a anchura permitida. Logo desta intervención, preténdese mellorar a funcionalidade e accesibilidade destas rúas.

O Concello de Melide organiza unha programación de Nadal ampla e diversa para desfrutar persoas de todas as idades

O centro do municipio melidense todo iluminado para estes días de Nadal. / Foto: Turismo de Melide

O Concello de Melide organiza un ano máis unha programación especial para a época de Nadal con actividades para desfrutar destas datas con toda a familia.

A ambientación de Nadal comezou o pasado día 1 de decembro co encendido das luces nas rúas da localidade e posta do Belén artesán na entrada da Casa Consistorial.

Durante estas semanas especiais haberá oco para a música e o espectáculo coas actuacións da Banda de Música de Visantoña, o Concerto do Coro da Ra, Concerto MIP (Músicas Inclusivas e Participativas) o tradicional Festival de Panxoliñas da Coral Polifónica de Melide, a actuación de Nadal das Escolas Culturais de Baile, Ballet e Teatro, a Gran Gala de Circo ou Os Tres Porquiños, entre outras moitas actividades programadas para desfrutar persoas de todas as idades.

Un ano máis, o deporte tamén contará cun papel importante nos últimos días do 2022 xa que haberá a tradicional Carreira San Silvestre Solidaria Melidense, organizada pola Asociación Deportiva Cerne na Praza do Convento o día 31 de decembro con dúas modalidades: crianzas e adultos. Como nova deportiva este edición inclúe un Torneo de Nadal Baloncesto 3x3 no pavillón municipal.

Toda esta programación especial de Nadal terá unha das grandes citas o vindeiro 5 de xaneiro coa Cabalgata dos Reis Magos que fará o habitual percorrido dende o Pazo de Congresos ata o Centro Sociocultural Mingos de Pita, onde estarán nenos e nenas do Belén Vivinte para recibir ás súas maxestades de oriente e a todas as crianzas que se acheguen para falar con Melchor, Gaspar e Baltasar. Neste actividade, o Concello conta coa colaboración da Asociación Charamela.

Para os máis maiores haberá días especiais como este sábado e o 7 de xaneiro no Centro Social, onde se celebrará a Festa de Nadal e de Reis coas actuacións do Trío Son Remolino e Suso de Boente.

A todo isto hai que sumarlle unha actividade para os máis cativos denominada, 'Xogos para un Nadal sustentábel' que se vai realizar varios días de decembro e xaneiro. Para participar nesta aula é preciso inscribirse no departamento de Cultura da Administración municipal melidense.

Con toda esta programación para as últimas semanas do 2022 e primeiras do 2023 a veciñanza da localidade poderá desfrutar de música, canto, espectáculos, danza, teatro, deporte e monicreques.

Amarai celebra unha gala moi especial polo vinte e cinco aniversario da asociación

Unha das actuacións na gala do 25 aniversario da asociación. / Foto: Amarai

A Asociación Amarai celebrou os seus 25 anos cunha gala especial no Centro Sociocultural Mingos de Pita. Esta organización naceu no 1997, cando un grupo de persoas con diferentes capacidades e familiares destas deciden poñer en funcionamento unha asociación que ten como labor: mellorar a calidade de vida as persoas con diversidade funcional e as súas familias. Posibilitando a plena inclusión destas persoas con diferentes ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas.

Nesta xuntanza polo 25 aniversario púxose en valor o traballo dos profesionais e das familias que forman parte de Amarai. Unha labor imprescindible para todas as persoas da comarca con diferentes capacidades que grazas a Amarai desenvolven as súas actividades cun maior autonomismo. Esta entidade aborda a diversidade funcional dende un enfoque de dereitos humanos, estando o eixo da acción reivindicativa de Amarai constituído, pola defensa de dereitos e non discriminación.

Presentación de 'Xogos tradicionais galegos para tempos de recollida'

Portada da publicación sobre xogos tradicionais galegos. / Foto: O.P.L.G

O libro 'Xogos tradicionais galegos para tempos de recollida' presentarse este xoves, 15 de decembro, no Salón de Actos no Edificio Multiusos de Melide (xunto á Biblioteca Municipal).

Nesta presentación intervirán: Cristina Vázquez, traballadora do Museo da Terra de Melide; Quico Lueiro, da Chave de Santiago; Paco Veiga, membro da Asociación Galega de Xogos Populares e Tradicionais. Para moderar o encontro estará Cristina Fernández, tamén da AGXPT, e a música a cargo da agrupación Herba Grileira.

VIVE O NADAL!
NO CERNE DE GALICIA
MELIDE 2022
XOVES, 1 DECEMBRO
ACENDIDO DE LUCES DE NADAL
26, 27, 28, 29, 30 DECEMBRO
3 E 4 DE XANEIRO
XOGOS PARA UN NADAL SUSTENTÁBEL
información e inscrición no Departamento de Cultura
VENRES, 16 DE DECEMBRO
ás 19:30 h, centro sociocultural Mingos de Pita
CONCERTO MIP.
Músicas inclusivas e participativas
Organiza: Asociación Tres por Cuatro
SÁBADO, 17 DE DECEMBRO
ás 20:30 h, centro sociocultural Mingos de Pita
GALA PRESENTACIÓN DO TRABALLO DISCOGRÁFICO
AS MÚSICAS DA TERRA DE MELIDE
Organiza: Asociación Cultural Herba Grileira
DOMINGO, 18 DE DECEMBRO
ás 19:00 h, centro sociocultural Mingos de Pita
FESTIVAL PANXOLIÑAS
Organiza: Coral Polifónica de Melide
XOVES, 22 DE DECEMBRO
ás 17:30 h, centro sociocultural Mingos de Pita
ACTUACIÓN DE NADAL DAS ESCOLAS CULTURAIS DE BAILE, BALLET E TEATRO
VENRES, 23 DE DECEMBRO
ás 20:00 h, centro sociocultural Mingos de Pita
CONCERTO DO CORO DA RA
VENRES, 23 DE DECEMBRO
de 20:00 h a 23:00 h, pavillón municipal de Melide
TORNEO DE NADAL,
BALONCESTO 3X3
LUNS, 26 DE DECEMBRO
ás 20:00 h, centro sociocultural Mingos de Pita
CONCERTO VAIA BANDA!
Banda de Música de Visantoña
MARTES, 27 DE DECEMBRO
ás 17:30 h, centro sociocultural Mingos de Pita
A TOUPIÑA QUE QUERÍA SABER QUEN LLE FIXERA AQUILO NA CABEZA
Compañía: A Xanela do Maxín
MÉRCORES, 28 DE DECEMBRO
ás 17:30 h, centro sociocultural Mingos de Pita
GRAN GALA DE CIRCO
Compañía: PistaCatro
XOVES, 29 DE DECEMBRO
ás 17:30 h, centro sociocultural Mingos de Pita
OS TRES PORQUIÑOS (musical)
Compañía: Educateatro
VENRES, 30 DE DECEMBRO
ás 17:30 h, centro sociocultural Mingos de Pita
A GALIÑA AZUL (espectáculo de títeres)
Compañía: Tanxarina Teatro
SÁBADO, 31 DE DECEMBRO
CARREIRA SAN SILVESTRE SOLIDARIA MELIDENSE
praza do Convento:
16:30 h escolares / 17:00 h adultos
Organiza: Asociación Deportiva Cerne
XOVES, 5 DE XANEIRO
CABALGATA DE REIS
17:30 h saída do pazo de congresos
18:30 h recepción dos nenos e nenas no BELÉN VIVENTE, centro sociocultural Mingos de Pita
Colabora: Asociación Cultural Charamela
BELÉN ARTESÁN DE MELIDE
de 08:30 h a 19:00 h, entrada da casa do concello
CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL
inscricións no concello ata o 9 de decembro
NADAL NO CENTRO SOCIAL
Campaña Elfos e Calcetíns
SÁBADO, 17 DE DECEMBRO
de 17:00 h a 20:00 h, centro social
FESTA DE NADAL co TRÍO SON REMOLINO
SÁBADO, 7 DE XANEIRO
de 17:00 h a 20:00 h, centro social
FESTA DE REIS con SUSO DE BOENTE

CARPINTERÍA DE ALUMINIO Y PVC

Blan-gar, s.l.

Crta. Lugo km 46 · 15800 - Melide · A Coruña
Tel: 981 50 54 18

Carnicería Maruja

A túa carne, en Melide

Rúa Peregrinos, 15.800 - Melide (A Coruña)

Casa Santos Calidade na túa mesa

ELECTROSAN

C/ Martagona, 13 · MELIDE (981 50 79 64) - electrosanmelide@gmail.com Electrosan



A Deputación aproba a mellora da seguridade viaria en Toques cun investimento de 412.000€

Vía onde se vai construír a senda peonil en Toques. / Foto: Deputación Coruña

A Deputación da Coruña aprobou en pleno, o pasado 25 de novembro, un novo proxecto a mellora da seguridade viaria na DP-4604 ao seu paso polo Concello de Toques, máis concretamente no lugar da Carreira e na travesía de Souto.

As obras, que supoñerán un investimento de 412.000 euros están dentro dunha liña de traballos para mellorar a seguridade nesta estrada acometidos pola institución provincial ao longo dos últimos anos.

Na aldea da Carreira a actuación proxecta actualmente a construción dunha nova senda para peóns na marxe dereita no tramo da estrada comprendido entre os puntos quilométricos 13+130 e 13+344 e na marxe esquerda ao longo do tramo entre os puntos 13+105 e 13+340. As beirarrúas existentes na marxe esquerda serán obxecto de remodelación.

Na travesía de Souto realizarase un novo tramo da senda peonil desde o punto quilométrico 7+636 ata o 8+156, na marxe esquerda, e do lado dereito desde o punto 7+706 ata o 7+766. A senda colocarase ao mesmo nivel que a calzada e estará separada por unha canle.

Neste proxecto inclúese tamén a execución dunha rede de recollidas de pluviais nas zonas onde se precise, completando a rede coa prolongación das obras xa existentes para o drenaxe transversal. Un traballo que dará máis seguridade a vehículos e peóns.

Rematadas as obras na Casa do Concello e o Palco da Música

Representantes institucionais vendo a nova fachada. / Foto: Xunta de Galicia

Rematan as obras contra o feísmo realizadas na fachada da Casa do Concello e o Palco da Música de San Román en Santiso.

No caso da fachada do edificio consistorial fixeron unha limpeza e posterior repintado así como a demolición do chapado de pedra da parte baixa do paramento exterior para, con estas accións, conseguir unha mellor estética do inmoble.

Pola outra banda, o Palco da Música de San Román quedou totalmente renovado grazas a substitución do soporte da cuberta por un de madeira, revestimento da base e a incorporación dunha varanda de ferro.

A Asociación de Afectados do Encoro de Portodemouros esixe que se cumpran os termos da concesión na barcaza Azulón I

A barcaza Azulón Primero que comunica os dous extremos do Encoro de Portodemouros. / Foto de arquivo

A Asociación de Afectados do Encoro de Portodemouros esixe que se cumpran os termos da concesión na barcaza Azulón Primero, que comunica os dous extremos do Encoro de Portodemouros, por parte da empresa Naturgy.

O voceiro desta asociación de afectados, José Luis Carril, lamenta o estado actual da barcaza así como o continuo incumprimento por parte de Natugy dos termos da concesións, sen que a Xunta de Galicia faga nada por solucionar esta situación.

Esta non é a primeira demanda que lanza a veciñanza das aldeas afectadas por mor das malas condicións da barcaza, a falta de iluminación, as continuas avarías que deixan ser servizo aos usuarios e usuarios, etc. De feito, esta loita da veciñanza comeza alá polos anos 60 cando mediante unha Orde Ministerial se lle outorga á empresa Hidroeléctrica Moncabril S.A unha concesión para o aproveitamento integral da cunca do río Ulla mediante a construción de oito saltos, dos que só foi adiante o de Portodemouros.

Son innumerables as veces que por mor de averías ou revisións rutinarias as persoas usuarias da barcaza se interrumpe o servizo durante días e incluso un mes enteiro no que a veciñanza da contorna se viu afectada por esta situacións que ailla e deixa mal comunicada tanto a parroquia de Beigondo (do lado da provincia da Coruña) como a de Loño (provincia de Pontevedra). Outra das denuncias habituais da asociación de afectados é a insuficiente iluminación das instalacións, especialmente na vertente de Loño onde nin sequera existe, polo que dende esta entidade consideran que "este feito incide nunha falta de seguridade para os usuarios provocando que incluso algún vehículo teña caído ao encorno por falta de sinalización".

No ano 2021 o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha proposición non de lei, presentada polo BNG, na que se acorda tomar as medidas necesarias para que a empresa concesionaria do encoro de Portodemouros cumpra coas súas obrigas a respecto das condicións que debe observa-la barcaza e as instalacións que comunicas as parroquias de Loño (Vila de Cruces) e Beigondo (Santiso) as que se poderían resumir en: dotación dunha nova barcaza que evite as avarías frecuentes da actual capacidade como mínimo para 20 toneladas de carga sobre cuberta e un espazo de 13 metros de longo; modificación do ancho das ramplas de acceso á barcaza de 9 e 7 metros a mínimo trece aos dous lados do encoro; acondicionamento das estradas de acceso para que poidan acceder vehículos das dimensións establecidas pola lexislación aplicable; dotar as instalacións da iluminación necesaria; e, por último, lembrarlle á empresa concesionaria a obriga de avisar adecuadamente das avarías e subsanalas coa maior celeridade posible.

Dous anos despois a situación segue sendo a mesma, polo que José Luis Carril manifesta que dende a asociación só piden "que se cumpra a lei" porque a barcaza é un servizo público que debe funcionar os 365 días do ano as 24 horas porque do contrario "é prexudicial para a economía e poboación da contorna".

BO NADAL!

Roval JOYERÍA JR

SARGADELOS
DESEÑO - CULTURA - HISTORIA - CALIDADE

Novos tempos JR Nova tenda JR A mesma ilusión

Alexandre Bóveda, 12 - Melide · Tlfs.: 981 50 54 31 - 650 076 862 · joseroval@mundo-r.com

“Hai unha parte de todos nós que está por contar que é a historia da retagarda, Galicia non foi un país de trincheira”

Inma López Silva, con raíces na comarca da Terra de Melide, é unha das escritoras máis consolidadas, lidas e galardoadas da literatura galega contemporánea. O sábado pasado presentaba no Museo o seu libro máis persoal, ‘Quen non ten un avó fascista?’, no que narra a historia do seu avó paterno, alcalde do Réxime durante 30 anos do Concello de Santiso. Un traballo de recuperación da memoria histórica colectiva da autora, a través das vivencias da súa familia, unha de tantas gardadas ou agochadas polo silencio.

A escritora Inma López Silva coa portada do seu novo libro ‘Quen non ten un avó fascista?’. / Foto: Editorial Galaxia

- Debúllanos un pouco a historia de ‘Quen non ten un avó fascista’.

- Inma López: É un libro de memoria familiar que mestura realidade e ficción. Unha publicación que trata de recuperar, a través da memoria familia, a memoria histórica.

O meu avó paterno, Avelino, foi durante 30 anos do Franquismo alcalde do Concello de Santiso. Para min sempre foi un perfil moi particular porque el fora mestre da República, un home conservador e non daba o perfil de persoa do Réxime. Na miña casa sempre se falou moi pouco de todo iso, había fotos agochadas desa época do meu avó entón non me cadraba ese feito.

Un día nunha comida familiar alguén comentou que en agosto do 1936 meu avó se agochara nun soto e a min chamoume moito a atención este detalle, pensei para min: por que unha persoa que logo foi 30 anos alcalde do Réxime se agocha? Entón decidín preguntar o motivo polo que se agochara e dixéronme que por ser mestre. Esta resposta a min sempre me estrañou e decidín indagar un pouco na figura do meu avó. Nesta procura de repostas e reflexión de quen era Avelino, empecei a decatarme de que a gran pregunta era: por que alguén acepta ser alcalde do Réxime? E partir de aquí xurde toda a historia, vou intentando dar resposta a quen era el. Para isto rescatei documentos como o seu expediente académico ou o expediente de depuración que lle fixeron a todos os mestres a raíz do que descubrín cousas moi interesantes.

- Para ti, de xeito persoal, este proceso de escrita tivo que ser fascinante.

- I.L: Si, claro. Para min creo que é o meu libro máis persoal xunto, por suposto co, de ‘Maternosofía’ que é o diario do meu primeiro embarazo.

Ademais, é un libro familiar, de feito, antes de entregalo na editorial deillo a ler a meu pai porque para min era importante que el o lera primeiro e se sentira ben coa publicación. Meu pai descubriu cousas do seu pai a través do libro. É un traballo que fala de todos nós, da miña familia, de aí tamén o meu empeño por facer a primeira presentación en Melide. Penso que hai unha parte de todos nós que está por contar que é a historia da retagarda, Galicia non foi un país de trincheira senón de retagarda. Aquí sempre se di que non houbo guerra que só houbo represión. Nas miñas novelas teño contado a historia heroica da Guerra Civil pero a maior parte de nós non fomos heroes, ao revés somos familias de perdedores, oportunistas e, sobre todo, supervivientes. E esta é a historia que quero contar a través da miña, como unha familia ten que sobrevivir e fai tomando decisións que nunca pensas que van ser decisións para a historia. Creo que esta parte de nós estaba por contar e para min foi moi gratificante ir vendo como ía debullando a historia do meu avó pero en realidade ía contando como fora a Guerra e a Ditadura en toda a comarca da Terra de Melide.

- Como comentas quedaba unha parte da historia por contar na que só había silencio.

- I.L: Exacto. O libro fala permanentemente do silencio, a gran imaxe constante é a idea do silencio. Por que na casa dun alcalde do Réxime non se fala de política? por que había fotos agochadas? Todos estes silencios son os que nos construíron ás familias galegas e españolas e penso que somos as xeracións dos netos os que podemos rachar con eses silencios. Logo, pasa unha cousa moi curiosa é que en Santiso e Arzúa houbo casos de paseos, xustizamentos, en cambio en Melide non. A min isto chámame moitísimo a atención, de feito, recorrín ao proxecto colectivo ‘Nomes e Voces’ da USC. Este é unha plataforma para que a xente poña aí a súa memoria familiar e chamoume moito a atención que na comarca da Terra de Melide non había casos de violencia polo que chamei ao director deste proxecto, Tito Fernández Prieto, e pregunteille por que sucedía isto. Á miña pregunta Tito Fernández respondeume algo moi fermoso e é que Melide e Chantada son os lugares que eles chaman “comarcas baleiras de violencia” e a explicación a isto é simple humanidade. O feito de que nestas zonas funcionan os lazos humanitarios, a boa veciñanza, o superar as diferenzas.

- O teu libro pode espertar a curiosidade de máis netos e netas por coñecer esta parte da súa historia familiar.

- I.L: Claro, claro. No meu caso funciona iso, nun momento dado decido preguntar e coñecer esta historia. É máis, eu xa me tiña interesado pola participación do meu outro avó na Guerra porque supoño que cando eres máis novo te interesas máis por esa parte da historia e co tempo te decatas de que o interesante está na vida das persoas e para min aí había un auténtico drama. Dalgunha maneira creo que meus avós, sen ser precisamente persoas que se foran implicar nin moito menos, non lles pegaba nada estar a favor do Réxime por iso o título do libro, ‘Quen non ten un avó fascista?’ pois haberá que descubrilo con esta historia. Penso que é o momento de contar estas cousas, xa todos morreron é hai que recuperar a memoria para que non se repita e non se esqueza porque de non esquecer depende a intelixencia colectiva.

- Logo de recibir tantos premios literarios como o Xerais de Novela ou o Blanco Amor aumenta a presión á hora de escribir o seguinte libro?

- I.L: Os premios hai que tomalos como veñen, son sempre un impulso tremendo porque te sentes apoiada pero no meu caso confío máis nos lectores e lectoras, e en determinadas persoas que antes de publicar me dan a súa opinión.

A ANPA O Forte estrea servizo de ludoteca para o alumnado do CEIP Nº1 melidense

Fachada do CEIP Nº1 de Melide, onde ser realiza a ludoteca. / Foto de arquivo

A Asociación de Nais e Pais O Forte do CEIP Nº1 de Melide estrea o servizo de ludoteca con 10 nenos e nenas que. Este nova actividade foi posta en marcha para mellorar a conciliación familiar e laboral das familias, polo que o alumnado que asiste á ludoteca está ata 17:15 horas na escola, é dicir, unha hora máis.

O servizo de ludoteca é unha realidade grazas ao financiamento do Plan Corresponsables da Xunta de Galicia (con 1.636,60 euros) que supuxo poder botar a andar esta actividade. O alumnado pode empregar a ludoteca de luns a venres de maneira habitual ou en días soltos.

Outra nova é a programación especial a prol de inculcar a igualdade de xénero nos cativos e cativas cun *escape room* para primaria e cine - teatro coeducativo para infantil, realizados nas últimas semanas de novembro. Estes talleres son financiados polas axudas económicas do Goberno autonómico para estes fins nos centros educativos (3.000 euros).

Nesta liña de servizos, a ANPA O Forte continúa ofrecendo actividades extraescolares como: patinaxe, xogando co baile, artes marciais, piscina en Arzúa, inglés e reforzo educativo. Unhas actividades ligadas á conciliación e con financiamento da Deputación da Coruña (6.300€).

Herba Grileira presenta o disco 'As músicas da Terra de Melide'

Parte do cartel da gala de presentación do disco. / Foto: Herba Grileira

A agrupación melidense, Herba Grileira, presenta este sábado no Centro Sociocultural Mingos de Pita ás 20:30 horas o traballo discográfico 'As músicas da Terra de Melide'.

Un proxecto que recolle o repertorio musical contido no libro 'Terra de Melide', publicado no 1933 polo Seminario de Estudos Galegos, arranxado e musicalizado por Herba Grileira.

Neste disco recóllense romances, alalás, pandeiradas e muñeiras, entre outras, recollidas na comarca.

O toque manual de campás declarado patrimonio inmaterial da humanidade

Un señor tocando a campá de xeito manual dunha igrexa española. / Foto de arquivo

A UNESCO vén de declarar o toque manual de campás español Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade. Na actualidade perviven en España máis de trinta modos diferentes de toque manual de campás, unha linguaxe sonora que mantivo ao longo dos anos como un medio de comunicación comunitario. Esta linguaxe conta cun amplo repertorio de formas e técnicas, tanto no ámbito relixioso como no civil, nos que os toques de campá regularon multitude de aspectos da vida festiva, ritual, laboral e cotiá en todo o territorio español.

A protección do toque de campás manual pola UNESCO supón poñer en valor e asegurar a continuidade desta tradición común, compartida entre as diversas vilas do Estado. A maiores, esta declaración contribúa a protexer uns sistemas de comunicación, case sempre únicos, ao borde da extinción por falta de persoas que toquen as campás, unha figura trascendental e imprescindible para salvar no tempo esta práctica ancestral.

Esta tradición aínda se mantén nos concellos galegos, onde as campás das igrexas e capelas seguen soando grazas ás persoas con coñecemento e encargadas en cada parroquia ou vila de facelo. Dende hai moitos anos, a veciñanza entérase de moitos dos acontecementos da zona como enterros, festexos ou incendios grazas ao soar das campás, xa que dependendo da comunicación soan dun ou outro xeito.

Esta linguaxe sonora é tan precisa que é diferente o soar cando morre un home ou unha muller. No caso de ser un home o que falece fanse soar dúas veces a campá grande e unha a pena, se é unha muller o proceso é á inversa.

Como xa se mencionou, un dos grandes problemas desta linguaxe ancestral é a falta de relevo xeracional, dado que as persoas coñecedoras do saber soar das campás son a gran maioría dunha idade avanzada polo o perigo de desaparición ameaza dende hai anos. Por este motivo, é importante poñer en valor e dar a coñecer esta linguaxe sonora tamén aos máis novos para que sintan interese por ela e poidan aparecer persoas interesadas en continuar con este legado cultural que marcou durante moito tempo a actualidade das nosas vilas e cidades. A declaración como patrimonio da humanidade é un paso máis contra a desaparición.

Firme aposta do CIRE polas categorías base

"Disputado o primeiro terzo de competición, as sensacións son moi boas"

"Volveu a competición normal, a de ligas máis longas", comentan desde a Xunta Directiva do CIRE Melide, para empezar a análise de como vai esta temporada 2022/2023 para os sete equipos que esta ano compiten coas cores do club melidense. Transcorreu aproximadamente un terzo de competición para a maioría das categorías, e as sensacións son bastante boas.

O CIRE ten este ano catro equipos en Primeira Autonómica, e "estamos moi satisfeitos co traballo e o rendemento de todos os equipos, pese a ser o debut na categoría tanto para infantís como xuvenís; os cadetes xa xogaron en Primeira a temporada pasada pero non neste formato de competición", apunta Diego Miragaya, Coordinador Deportivo do CIRE.

Falamos das categorías: Xuvenil, Cadete e Infantil. No caso dos cadetes, ademais, están metidos na loita polos primeiros postos, o que indica o nivel dos rapaces. "A categoría Primeira Autonómica supón unha esixencia relativamente importante, e os xogadores están respondendo moi ben", fai fincapé Diego.

Arriba: o equipo dos Prebenxamíns do CIRE nesta temporada 2022 - 2023. Abaixo: o equipo dos cadetes. / Fotos: Cire

Esta temporada o CIRE recuperou a categoría Prebenxamín, con moito éxito de captación de rapaces e rapazas. E fíxose, en palabras de Diego, "sobre todo porque queremos darlle a oportunidade aos nenos e nenas do pobo de que practiquen deporte e tamén porque a captación é fundamental para ir creando canteira e sentimento de club ". Polo demais, continúa a aposta pola xuventude no equipo Senior, complementada coa experiencia e compromiso de varios xogadores máis veteranos, para tratar de dar o salto á Primeira Autonómica, tarefa difícil porque a aposta é "de futuro", tal e como indican dende o club. Pero o equipo, logo de pasar unha mala xeira de resultados en novembro, está competindo ben e mantén opcións de loitar por estar na zona media/alta da clasificación.

Desde a Directiva desta entidade deportiva destácase que "a posta en funcionamento da Cantina, as melloras nos accesos de entrada ao campo, así como a próxima renovación, moi necesaria, do céspede, fan e farán que cada vez máis xente baixe a ver os partidos dos equipos do CIRE. De feito, aseveran, "xa é unha realidade ver as gradas moi poboadas nalgúns dos partidos, e bo ambiente en xeral en case todos eles". Consideran que "ese é o camiño para facer un CIRE máis forte e cada vez máis próximo á afección".

Por último, o agradecemento ás institucións (Concello de Melide, Deputación da Coruña e Xunta de Galicia), aos socios e socias, así como aos patrocinadores ou colaboradores e, de maneira especial, a afección.

A Xunta Directiva, o Corpo Técnico e os Xogadores e Xogadoras do CIRE Melide quere aproveitar para desexar a todos e todas unhas Boas Festas do Nadal e un ano 2023 moi deportivo.

Patrocinadores:

Softee by Jim Sports
A Garnacha Pulpería
Yethi Carburantes
Anic Difusión comunicación gráfica
Chiquitín
Roval Joyería JR
Cafeteria Solaina
Terra de Melide Queixos

Colaboradores:

Concello de Melide
Deputación da Coruña
Deporte Galego

“O meu primeiro traballo discográfico, ‘Regalía’, é un proxecto moi persoal con temas instrumentais e cantados”

- Descríbenos como é ‘Regalía’, o teu primeiro traballo discográfico?

- Suso Ascariz: É un disco gravado con músicos profesionais e os arranxos fíxoos Pedro Pascual. Este traballo, musicalmente falando, creo que vai estar moi ben, que despois pode gustarche ou non pero está ben feito e ten moito traballo. Neste disco a xente vai atopar música folk galega, todo temas novos, a maioría, creación miña e con arranxos de Pedro Pascual.

- Cando poderemos escoitar ‘Regalía’ ao completo?

- S.A: O disco sae o 3 de xaneiro, vai saír nun formato novo que é de casete adaptado ás novas tecnoloxías porque dentro hai un pen co que escoitar as pezas. Despois tamén levará o papel típico dos casetes no sitio do libro que levan os discos, é dicir, de aspecto vai ser totalmente unha cinta de casete. Este formato responde a querer buscar algo diferente que non fose o CD porque xa está un pouco obsoleto. Ademais, este proxecto leva un deseño bastante moderno.

- Onde se vai poder mercar este traballo discográfico?

- S.A: De xeito físico en Melide estará dispoñible en Muxica Tenda Xoven e, a través da liña, nas miñas redes sociais.

- Cantos temas inclúe o disco?

- S.A: Ten nove temas, catro cantados e cinco instrumentais. Este disco leva o nome da ‘Regalía’ porque é unha palabra que ten varios significados e a min sempre me gustou moito. A regalía é algo bo que produce satisfacción e a maiores é unha das cancións do primeiro disco de Mercedes Peón que me gusta moito, polo que decidín que este traballo se chamara así.

- En que te inspiraches para compoñer as pezas deste disco?

- S.A: Todo este proxecto empezou como unha casualidade porque a raíz dos videoclips de ‘A gaita na Terra de Melide’ comecei a traballar con Pedro Pascual e ensineille varios temas que tiña gardados nun caixón que hoxe forman parte do disco. Este traballo para min tamén é un regalo persoal para min mesmo, xa que era algo que quería facer. É un disco moi meu porque as composicións son miñas e as pezas cantadas son cancións que cantaban miña nai e meu pai. No caso de Xascariz, a raíz de gravar o disco formouse o grupo e non á inversa que é o máis habitual.

- Como foi o proceso de gravar estas pezas?

- S.A: Moi emocionante. Pedro Pascual foi clave para que o disco saíse desta maneira, fixo un gran traballo. Quería que este disco fose algo profesional e involucreime ao 100%, tanto persoal como economicamente, para que así fose. É un proxecto feito con moito mimo.

- Tedes xa algunhas datas da xira de presentación de ‘Regalía’?

- S.A: Para empezar o día 20 de decembro sae o primeiro videoclip dunha das pezas e logo, o día 3 de xaneiro sae o traballo ao completo. No que se refire a actuacións a primeira que será tamén a presentación, vai ser en Madrid a fin de semana do 21 e 22 de xaneiro en FITUR, serán sete concertos de media hora. Poder presentar en Madrid é unha gran oportunidade e ademais tamén próximo á saída do disco. En Melide haberá presentación a última fin de semana de febreiro no Centro Sociocultural Mingos de Pita.

- Un pequeno adianto do videolip é o posible?

- S.A: É un tema cantado e conta cunha estética que me gusta moito. Non obstante, hai que esperar ata o próximo martes para descubrilo.

- A parte de en formato físico tes pensado subilo a algunha plataforma en liña?

- S.A: Si claro. En Youtube xa os teño que lanzar porque subirei os videoclips das pezas para que a xente poida ver e escoitar as cancións. E, a maiores, a través das redes sociais de Instagram e Facebook. De feito, o día 20 cando se lance o primeiro videoclip farase simultaneamente nas tres redes sociais para que por un ou outra chegue a todo o mundo. O importante é que as pezas se divulguen e se escoiten.

JOSÉ VALIÑO E MARISOL PUMAR, MUXICA TENDA XOVEN

“A esencia e motor de Muxica é a clientela”

Jose, Marisol e Pilar son as tres columnas nas que se cementa Muxica Tenda Xoven, son os rostros coñecidos desta tenda local a onde acudimos, especialmente, a mercar agasallos. Un espazo inclusivo situado no centro do municipio melidense e en pleno Camiño de Santiago onde conviven produtos artesanais, artigos de produtores locais, música, complementos e adornos, entre outros moitos obxectos. Nesta conversa os protagonistas de Muxica fan un repaso, entre outras cuestións polos retos aos que se enfronta o pequeno comercio.

Pilar, Marisol e Jose son as tres persoas encargadas de atender a clientela de Muxica Tenda Xoven. / Foto: Cerne

- Que é Muxica Tenda Xoven?

- José Valiño: É o lugar onde podes atopar ese obxecto especial para regalar a outras persoas ou a ti mesmo. Un dos nosos valores engadidos é a música, xa que apesares de que actualmente non teña terreo comercial, foi o punto de partida a partir do cal veu todo o demais. En Muxica a xente pode encontrar produtos orixinais, algúns deles artesanais, aínda que se perdeu bastante por desgraza esta corrente pero podemos atopalos en artigos e marcas, especialmente, nos bolsos, porcelana e coiro.

- Un dos vosos selos de identidade é a aposta por produtores locais.

- Marisol Pumar : Penso que primeiro debemos mirar polos máis próximos e despois estender ata onde se poida. **J.V**: É, en definitiva, poñer en valor o que temos na medida en que podemos influír niso. Dende Muxica intentamos unirnos á labor que tentan asociacións como ASETEM - CCA de facer que os produtos que aquí se dan e fabrican teñan o seu espazo e funcionen comercialmente falando.

- A clientela valora que os artigos sexan de proximidade?

- M.P: Cada vez valorase máis. A xente aposta máis polos produtos locais. **J.V**: Si, pero creo que é máis pola negación do que vén de fóra máis que polo valor dos artigos de aquí. Na tenda escoitas a moitas persoas preguntar polo lugar no que se fabrica e prefiren os obxecto feitos en sitios máis próximos. **M.P**: Paralelamente, estamos cambiando a mentalidade cara a consumir máis o da terra.

- Con comercios en pleno Camiño de Santiago, o aumento de peregrinos deste verán imaxino que se traduciu nun bo nivel de vendas.

- M.P: Este foi un ano moi especial pero máis que nada porque viñamos dunha pandemia sanitaria e era o primeiro verán facendo vida como antes. En xeral aos negocios abertos no Camiño de Santiago foinos ben. **J.V**: Foi un ano especial por moitos aspectos, houbo mellores niveis de vendas do que se esperaba porque o feito de que fora ano Santo tamén axudou e sorprendéunos. Notábase no ambiente que a xente estaba saíndo de algo e había actitude de querer gastar e volver á vida tal e como a coñeciamos.

- Un ano que ten as súas sombras como a suba de prezos.

- M. P: Esa é outra, temos que aforrar do que se fixo para afrontar o que vén por diante. Logo tamén haberá que buscar novas alternativas. **J.V**: É un dinámica máis do pequeno comercio, nós dende que nos metemos nisto vémolo. Nestes momentos toca unha época, parecido incluso a cando España entrou no Euro porque nese ano sufrimos esa deflación da peseta e viamos que era un cambio forte. As tendas locais levan adaptándose ás circunstancias e buscando alternativas para sobrevivir, vimos como se foron mudando os establecementos de proximidade, algúns que antes vendían certos artigos despois incluíron outros e nós nese sentido sempre apostamos por un espazo amplo, onde collen moitas cousas.

- A suba de prezos xa repercute na clientela?

- M.P: Repercuten porque a nós todo o que chegou de nova temporada traía unha suba do prezo polo que ten que repercutir porque as facturas tamén soben. É todo unha cadea polo que é inevitable que a clientela se vexa afectada, aínda que nós intentamos axustar aos marxes para ter que subir o mínimo posible. **J.V**: Ata agora fomos termando os prezos, refírome á campaña de verán na que tamén os produtores aguantaron bastante os prezos. Houbo outros sectores que non aguantaron ata a nova temporada a subir os prezos e en cambio no noso caso si o puidemos facer. Nesta temporada de invernos si se vai notar o incremento porque é que nun simple gorro a nós o prezo subiunos un montón polo que ao final ti tamén o tes que subir.

- Que previsión tedes para a campaña de Nadal deste ano?

- J.V: Dentro do ano, a campaña de Nadal podemos dicir que é a máis forte pero co paso do tempo foi caendo porque antes o período de vendas para estas datas era moi máis longo. **M.P**: Agora, son quince días fortes en Nadal de boas vendas cando antes eran máis xornadas. Aquí o que nos salva é o Camiño de Santiago. **J.V**: O consumo interno notábase máis fai anos, antes dabas moito servizo ao entorno e na actualidade tamén pero máis reducido. **M.P**: Quero matizar unha cousa porque dixen o do Camiño pero ollo nós temos unha clientela para quitarse o sombreiro porque é moi fiel. De feito, na pandemia sorprendémonos por como a clientela reaccionou. **J.V**: É certo que temos competencias como o que antes era as grandes áreas comerciais e agora é o comercio electrónico pero penso que non é factor dominante nestes momentos, senón a perda de poder adquisitivo da xente.

- O comercio de proximidade esixe moitas horas de traballo.

- J.V: Temos un horario estrito que cumprir e que te limita para certas cousas e en determinados períodos ou fins de semana tes que traballar mentres outras persoas descansan. Porén, no noso caso facemos axustes horarios para poder ter vida porque detrás do comerciante hai unha vida persoal que atender.

- Cal é a esencia de Muxica Tenda Xoven?

- J.V: A clientela é o motor de todo isto. Non é un formalismo, é a verdade. **M.P**: A xente é moi agradecida, é o mellor de ter un comercio local, a súa esencia. Ir de boas maneiras e con amabilidade atender a clientela fai que ata ese pequeno sector máis complicado acabe encaixando.

Muxica Tenda Xoven
Rúa do Convento, 36
15800, Melide
Tlf: 669 69 22 06

CERNE

Cerne 202. Decembro 2022

Desde el OÍDO al CORAZÓN

Instituto de la Sordera

El oído nos une a la vida.

Nos permite comunicarnos con los demás, emocionarnos, divertirnos y disfrutar de la vida

Vuelva a oír bien, es una decisión que cambiará su vida

Esta Navidad REGALE

SALUD AUDITIVA



Audífonos pequeños y discretos
pruébelos en su casa
UN MES SIN COMPROMISO
Si no le convence, los puede devolver.

PRÁCTICAMENTE INVISIBLES



LA MÁS AVANZADA TECNOLOGÍA NUESTRA ALIADA

- Nuestras ayudas auditivas se adaptan a las necesidades de cada persona, ***"totalmente personalizadas para usted"***; son cómodas, efectivas y discretas, solo usted sabrá que las usa.
- Esta exclusiva tecnología permite que los audífonos se adapten automáticamente con precisión a más ambientes sonoros que antes.
- Sonido excepcional desde la primera adaptación.
- Mejor comprensión de la palabra en ruido.
- Conectividad Bluetooth con teléfonos inteligentes (iOS y Android) u otros dispositivos compatibles con Bluetooth®

En el **INSTITUTO DE LA SORDERA**, estamos al lado de las personas que **desean mejorar su audición**.

Le invitamos a revisar sus oídos con el fin de detectar infecciones o una disminución de la agudeza auditiva y solucionar los problemas antes de que afecten a su salud. **¡La prevención es fundamental!**

Le ofrecemos un **ESTUDIO AUDITIVO GRATUITO**

Reserve cita en **Instituto de la Sordera**

Pedir hora

Ronda da Coruña, 34 Melide

981 50 72 87 - 648 75 47 61

E-15-001359

Y llévese este regalo por su compra